



O FORO DO BO BURGO DO CASTRO CALDELAS, DADO POR AFONSO IX EN 1228

O documento máis antigo escrito en galego en Galicia

CON LICENZA DO ARQUIVO DOS DUQUES DE ALBA



SECCIÓN DE LINGUA

Descárgueo en:
www.consellodacultura.org

NAS ORIXES DA ESCRITA EN GALEGO

Henrique Monteagudo / Consello da Cultura Galega

Cando tratamos dos momentos iniciais da escrita en lingua galega, internámonos nunha mesta neboeira en que non é doado nin orientarse nin recoñecer as cousas que se atopan por baixo das formas que medio enxergamos por entre a bruma. Por iso é bo que aclaremos en primeiro lugar o que entendemos por 'escrita en galego'. Para nós, a escrita en galego debe caracterizarse por dous trazos: autonomía fronte ao latín, e individualidade fronte a outros idiomas veciños, en particular, leonés e castelán. Endebén, debemos considerar plenamente galegos canto ao idioma os documentos producidos en Portugal polo menos ata a metade do século XIII. Os escasísimos textos escritos en galego(-portugués) a partir de aproximadamente 1170 ata 1255 constitúen o corpus do que se deu en chamar a 'produción primitiva', un conxunto de testemuños que posúen enorme importancia lingüística pero unha entidade moi modesta. Na súa meirante parte trátase de textos menores, tanto polo estatus diplomático e extensión, coma, sobre todo, na súa definición idiomática: palabras, expresións, algún breve treito romanzo entremedias dun latín máis ou menos problemático.



Afonso IX

O 'Foro do bo burgo do Castro Caldelas', dado en Allariz en abril de 1228, é unha peza absolutamente singular dentro dese conxunto de 'produción primitiva' no que debemos inserilo. En primeiro lugar, pola data, que o torna o texto datado e escrito en galego máis antigo dos producidos en Galicia. En segundo lugar, e non menos, polo seu estatus diplomático, pois trátase dun privilexio rodado, o tipo de documento máis solemne dos producidos polas chancelarías reais da Península no tempo: constitúe o único exemplo de privilexio real en galego en toda a nosa historia. É tamén, que saibamos, o único diploma en romanzo saído da chancelaría de Afonso IX (nado en 1171, rei 1188-1230), o último monarca privativo de León-Galicia. O único documento parangonable con este 'Foro' é o testamento de Afonso II de Portugal, escrito en 1214, pero a chancelaría real portuguesa non tornaría ao

uso do romanzo ata o último terzo do século XIII.

Curiosamente, o texto deste documento era coñecido, pois fora dado ao prelo na íntegra pola Duquesa de Alba en 1896, e a partir de aí reproducido en varias ocasións. Andrés Martínez Salazar incluíuno no seu volume *Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI* (1911), pero retrasando a data que consta no documento, pois el pensou, con boa lóxica, que debía tratarse dunha versión romanzada dun presunto orixinal latino, realizada necesariamente despois de 1250. A opinión do ilustre historiador sentou cátedra e a partir del ninguén prestou a debida atención ao orixinal, custodiado no Archivo de los Duques de Alba (Madrid). Algúns historiadores coñecían e eran conscientes da súa singularidade, pero ningún se decatou de que, tratándose dun orixinal, constituía un documento absolutamente extraordinario na historia da lingua galega. Ofrecémolo agora, como adianto dun estudo a fondo que se presentará no Simposio 'A emerxencia do galego escrito', que se celebrará no vindeiro mes de novembro. Afondaremos daquela, en pormenor e por extenso, no carácter excepcional do testemuño.



Signum do rei

Reproducción dixital de documentos

**FORO DO BO BURGO DO CASTRO CALDELAS, DADO
POR AFONSO IX EN 1.228**

(ADA/ Lemos, bandejero de documentos, nº 2)
Fotografía: José Manuel Calderón

Primeiro documento escrito en galego en Galicia

- Reprodución feita con licenza do Arquivo dos Duques de Alba

[Handwritten text in Galician, likely a dictionary or grammar entry, covering the first two columns of the page. The text is dense and written in a cursive script.]

[Handwritten text in Galician, likely a list of words or a continuation of the dictionary entry, located in the bottom left corner.]



[Handwritten text in Galician, likely a list of words or a continuation of the dictionary entry, located in the bottom right corner.]

[Handwritten text at the bottom of the page, possibly a signature or a note.]

[Handwritten text at the very bottom of the page, possibly a date or reference.]

FORO DO BO BURGO DO CASTRO CALDELAS, DADO POR AFONSO IX EN 1228

*Transcrición: Henrique Monteagudo / Consello da Cultura Galega**

||¹ *In nomine domini nostri Ihesu Christi. Amen. Plerumque sentimus oblivionis incomoda, dum rerum gestarum memoriam per scripture seriem negligimus alligare. Ea propter hoc* Eu don Alfonso ||² porla gratia de Deus Rey de Leon a vos omes [do boo Burgo?], assy aos presentes como aos que an de víir, et a vossos fillos et a toda vossa generacion faço karta de donacion et ||³ texto de firmidüe, et dou a vos foros en que sempre vivades.

Inprimeiramente omês do bon Burgo non ayam nullo señor senon el Rey ou quen esse Burgo tover de sua mão ||⁴ (tover). Et qualquer noble ou de qual dignidade na villa do Burgo in propia ou in alia casa morar, ille et quantos cun el moraren ayam foro assy como cada um viçiño. Et se [se] algúum in casa dalguum ||⁵ viçiño quiser ospedar no Burgo por força, o señor da casa cum seus viçiños deyte-o fora. Et se salir non quiser et hy firido for, non peyte por ende cóoma.

Meyriños do Burgo seyan duos viçiños do Burgo ||⁶ et vassalos daquel que tover o Burgo et ayam casas no Burgo et intrem por mandado do señor do Burgo et por octoridade do concello. Et omês do bon Burgo den in cada un ano un soldo de cada una casa in festivita-||⁷ te de Sancta Maria de agosto por incenso de suas casas. Et omês do bon Burgo vendam seu pan et seu viño por medida dereyta quando quiseren. Et quen por forcia casa a[||]lêa romper, peyte ao señor do Burgo .LX. slds. et ó señor da casa outros ||⁸ .LX. slds. et os livores et os danos que feçer.

Meyriños nen sayones non intrem in casa de nengúú reçeber pignora se o señor da casa der a el fiador recebo do. Et se fiador ||⁹ reçeber non quiser et a pignora por força fillar et hy firido for, non peyte nulla cóoma. Et se fiador non presentar et cun o pignor revelar, o meyrriño ou o sayon dia duas testimoñas et in outro dia pigno-||¹⁰ re el por .v. slds. Quen deveda presente ó meyrriño ou ó sayon, [se] o seu devedor conoscer, logo dé a deveda ou piñor ao quereloso, que tanto valla ata que a déveda seya dada, et en cada un dia a pignora ||¹¹ cun-o sayon reça. Quen negar deveda que deva pignoren ele que faça directo, et logo dé fiador et reça sua pignora. Et [se] qualquer fiador reçebudo revelar et o pignor ao merino ou sayon non der, ||¹² por quantos dias aquesto feçer, por todos dias peyte .v. slds. Meyriño ou sayon non demande livores de nengúú, nen percussões, se non for a el voz dada, ergo morte ou percussione de morte que se pode ||¹³ demandar porlo foro da villa.

Omiçio manifestado peyte .c. slds. ao señor do Burgo. Traedor provado et ladron cuñuçodo seyam in juyzo do meyrriño do concello, et todas aquelas cousas delle ||¹⁴ seya[n] do señor do

* Versión provisoria, regularizada e adaptada, con fins exclusivamente divulgativos. No Simposio 'Emerxencia do galego escrito', coorganizado polo Consello da Cultura Galega e o Instituto da Lingua Galega, ofrecerase unha edición filolóxica e un estudo do texto.

Burgo, mays das cousas do ladron primeyro entreguen o furto que fez a aquele que o furtou. Qui arma tirar de casa contra seu viçiño para façerlle mal, peyte ao señor do Burgo .LX. slds. Et se ||¹⁵ muytos aduxeren armas, un por todos dy fiador in .V. soldos. Et quen for vençudo peyte áo señor do Burgo .LX. slds. Et se viçiño a seu viçiño casa por juyzo demandar, den ambos fiador in .LX. (LX.) slds. ||¹⁶ Et qual delles que por juyzo cayr peyte áo señor do Burgo .LX. slds. Et se algúú deforão áo morador do bon Burgo casa demandar, dé fiador ó señor do Burgo in .LX. slds. et ó señor da casa in dublo de tal casa ||¹⁷ et o señor da casa dé fiador in .LX. slds. áo señor do Burgo. Et se aquele que a casa demanda caer, dé .LX. slds. ao señor do Burgo, et ao señor da casa dé outra tal casa na villa do Burgo. El qualquer juyzo ||¹⁸ for feyto sobre pignora, se algúú deforão ao morador do Burgo demandar, non saya fora da villa a juyço, mays in ipsa villa cumplam juyzo sobre ipsa pignora. Et qui falta por inquisicion disser ||¹⁹ ja mays non seya leal, et peyte ao señor do Burgo .LX. slds. et o señor da voz torne·sse á sua voz.

Et por aquel que for morto in baralla, os mays provincos parentes, un daquelles que en ele firiren por directa ||²⁰ inquisicion escollam el por homiçiam, et se aquelle fector por inquisitiom non acharen in quen suspeto overen, por sy juramento sóo faça, et non seya hy torna. Treguas porlo foro da villa seyam taes: de una parte ||²¹ et de outra da baralla dem fiadores in mill (mill) slds., et quen·as britar talle·le o pugno destro, et destes mill slds. haya o señor do Burgo os .D^{os}. slds. et o concello os outros .D^{os}. soldos, dos quaes den ende .C. soldos ao firido, et o pug·||²² no seya in poder do concello. Et sobre esto absolvo totalas cousas –moyños, fornos et chousas– et todas erdades quaes vos et vossa generacion oye avedes ou aver poderdes.

Carniçeyros in cada un ano dem ||²³ (en cada un ano) áo señor do Burgo .II. slds., un por Pascua et outro in festivitate de Sancta Maria de Agosto, se o señor do Burgo der a eles plaça u poñan seus bancos*. Vendedores de pan et de viño non ||²⁴ peyten nullam rem por vendicion, mays se toveren mididas falsas britin·as et peyte[n] ó señor do Burgo .V. slds., et as misuras sééren stabezudas áo concello. Se algúú vender boy ou vaca, dé in portagẽ .II. dns.; de ||²⁵ porco .I. dn., de carneyro .I. dn. Item si algúú extraneo vender cavallo o mula, dé .XII. dns. in portagẽ. Et se in casa do ospede vender, dé a el outros .XII. dns.; de egua .VI. dns., et a[o] ospede outros .VI. dns. se in sua casa ||²⁶ vender. Do asno ou da asna .III. dns. et ó ospede outros .III. dns. De coyro de boy .I. dn. De pelle cabrũa una mealla. [Item] se algúú extrayo vender mouro ou moura dé in portagẽ .XII. dns., et se in casa do ||²⁷ ospede vender dé a el outros .XII. dns. Se algúú mercador in villa do Burgo véér, de cada un troxello, se desplegar et ende vender, dé in portagẽ .I. sld., et se non desplegar non dé nichil. Et se a detallo vender, ||²⁸ peyte .LX. slds., a mea parte áo señor do Burgo, et a mea parte áo concello do bóo Burgo; et áo señor da casa .V. slds. dé quen un troxello comparar. Et de pelle cõella dé in portagẽ III. dns., et de pena coella .II. dns. ||²⁹ De pelle cordeyra .II. dns. De quattuor covedos de viado .II. dns. De cobertura de una color .III. denarios. De un cabo de fustam .II. dns. De .XII. covedos de cardeo .II. dns. De bestia carregada de pan o de viño ||³⁰ .III. dns. De collonio .I. dn.

* blancos

Si algũũ viçiño seu viçiño firir da barba ata los péés .vii. slds. et medio peyte ao firido. Et se o na cabeza firir et ende sangue sayr, peyte .xv. slds. [Se] de qualquer cóomia algũũ ||³¹ for culpado et achada, se a (a)cóomia non deren áo merino ó o sayon, non demande ela, et se dada for á cóomia ao merino ó sayon dé fiador in .v. solds., et seya por scripciom de bóos homéés. Se algũũ omẽ mal se ||³² over contra omês do Burgo et in-na villa quiser intrar, se força ou algũũ mal comezar, todos seus viçiños succurram a seu viçiño cun espada et cun lança, et si hy o aversario for morto, nulla rem por ende peite. ||³³ Et quen viçiño non adiuadar, seya aleyvoso porlo foro de Allariz. Et nullo señor do Burgo aya rousso nen manaria nen fossadeyra porlo foro de Allariz in ipsa villa. Si algũũ seu viçiño por ||³⁴ superbia firir, se aquel viçiño firido poder el firir por se ou por outros una vez ou muytas, nulla ren por ende peyte; mays o primeyro que comezar peyte. Se algũũ omẽ disser a seu ||³⁵ viçiño máá paraula, 'traedor', ou 'servo' ou 'fududincul' ou 'cegúú sabido', feyra ele una vez cun que quer que teña, et se vivo ou morto escapar, nulla rem por ende peyte. Et se o firido ||³⁶ ele firir, si cento ou mill in ele firiren nulla rem por ende peyte.

Todolos juyzos que aqui non som scriptos, stent porlo foro de Allariz, et aqeste meu feyto seya senpre firme.

Se ||³⁷ algũũ cavaleyro ou vilão á villa do Burgo intrar, dé suas devedas a seus devedores ou pignora por elas. Et se as non deren et sobre cavallo andar, legue los péés do cavallo ||³⁸ et fumo ás nariçes do cavallo, ata que dé a deveda o pignor por ela.

Cegos et mançebos solterios non façan foro. Omês do bon Burgo todolos seus juyzos et directos seyam por enquisiciom de ||³⁹ bóos omes, que quer que feçerem, porlo foro de Allariz.

Se allgũũ omẽ este meu feyto quiser tentar ou rromper, seya maldito et excomungado et cum Judas traedor no inferno danado, et ||⁴⁰ super esto dez mill peyte de mrs. de ouro.

Facta carta apud Allariz. Era de M.CC.LX.VI.

Ego don Alfonso, Rey sobredito Legionis, brito et confringo a vos, omês ||⁴¹ do bon Burgo, todos ma o s foros que aviades et outorgo a vos todolos bóos foros de Allariz. Et aqesto sea firme et stavil cum mias mãos propias esta karta robor[o] et confirmo.

Sancia et Aldonza, filie Regis
Rodericus Gomez de Trastamar
Fernan Goterrez, pertigarius Sti. Iacobi
Ordonius Alvarez de Asturias
Ramirus Froyaz et Diego Froyaz, filii de
Don Froya Conde
Fernan Iohanis, filius de Jha. Battisela.
Petrus Fernandi de Tedra

Pelagius Fernandez Pautulle
Gunsalvo Martin, Juyz
Bernaldus Archieps Compostellanus
Laurenciu Auriensis eps.
Nunus Astoronensis eps.
Johanes Ovetensis eps.
Michael Lucensis eps.

Martin Minduniensis eps.
Stepanus Tudensis eps.
Rodericus Legionensis eps.

Martin Salmantinus eps.
Lonbaldus Civitatensis eps.
Geraldus Coriensis eps.

Petrus Arie
Petrus Fagian
Rodericus Petri de eadem
Fernandus Iohannis et
fratres eius
Diego Iohannis degũã [¿?]
diaconus
Petrus Velede Caldelas
Fernandus Pelagii Varella
Cornellon
Petrus Martini

Garcia archidiaconus Au-
riensis
Guillermi abas Montis
Rami
Magister monionis
auriensis
Johannes prior Ospitalis
Fernandus Ulci abbas
Uxarie
Petrus prior Vicarie

Petrus Moniz. Johan
Abello
Rodericus Pelagii
Petrus Giraldez
Petrus da Vega
Fernan Viveyz
Fernan Ulos
Petrus Iohanis de
Cimadevila
Isti supradicti burgenses
petierunt predictum forum
domino Aldefonso Regi
Legionis

Abba ecclesiam p.
Petrus cancellarius domini
Regis

Petrus Remondi de Allariz
Petrus Viveyz

Nuno clerico sancti iacobi notarius concilii de Allariz scripsit.
Martinus dominici maiorinus domini Regis in Caldelas

[*Unha man posterior:*] En Allariz

Era de 1266

Es año de 1228

Reproducción dixital de documentos

**FORO DADO Á VILA DO BO BURGO DE CALDELAS
POLO REI DON FERNANDO II DE LEÓN E A RAÍÑA
DONA URRACA**

Privilexio escrito en latín e datado en 1.172, primeira versión do foro

Foto: José Manuel Calderón

- Reprodución feita con licenza do Arquivo dos Duques de Alba

